

LUZ DA IGUALDADE

Cada Nadal cumprimos coa tradición familiar de visita-lo Belén de Begonte, dende hai máis de trinta anos. Daquela era eu unha nena da idade que hoxe ten a miña filla. Este ano asistimos á inauguración. Cando estabamos na igrexa, escoitando a homilía dos prelados, Rosiña, a miña pequena, tiroume da saia e díxomoe coa súa inxeleza:

—Mira mamá, tamén está Susana e ten un mariado negro.

—Xesús! Arrenegado sexa o demo! — exclamou miña sogra, persignándose, cando ouvi á neta.

Boteille tan fulminante ollada de reproche que de seguida pidiu disculpas.

—Perdoa, é que eu non entendo estas modernidades — afirmou, rematando a faena.

Modernidades! Calei porque o lugar era sagrado. Crucei os dedos, pechei os ollos e pensei se aquela era a mesma muller que xustificaba as palizas que me propinaba o seu fillo antes de nos divorciar afirmando: “Pobriño, se o fai é porque volta atafegado de traballo, porque o meu fillo malo non pode ser”. Como se a bondade ou maldade non saíse de dentro e estivera na cor da pel —pensei. Que Susana casase cun africano é outro síntoma máis de que as relacións norte-sur chegarán un día a ser normais.

Ó remata-lo acto relixioso dirixímonos ó centro cultural José Domínguez Guizán e, antes de entrar no Belén, Susana veunos saudar. Despois dos bicos de rigor presentounos a Masut. Miña sogra recibiu-no cun seco “Ola”. Pero Rosiña colleuno da man e levouno ó interior para presentarlle emocionada a tódolos personaxes.

-Fíxate -diciálle- aqueles que se moven son os reis magos.

-Ah, sí, sí! Los camellos se los ha regalado mi abuelo que vive en el pueblo de Baltasar -aseguraba Masut.

-Mira, mira, un zoqueiro! E agora vén a néboa...

Susana e eu sorriamos felices. Mirei ó meu redor e miña sogra non estaba. Saímos a buscalá. Estaba alonxada, soa na encrucillada...

-Vou dicirlle catro palabras ben ditas!

-Quieta! -recomendoume Susana colléndome do brazo. Non lle digas nada. O racismo nace das limitacións de cada un. Ela soa debe superala. Lembras o que che contei o ano pasado neste mesmo lugar?

-Sí. Remataras a carreira e os masters e ías poñerte á fronte das importantes empresas do teu pai.

-Pois, despois de visitar este Belén de Begonte, reflexionei e marchei a áfrica. Non te asustes. Fun explicarles que este mundo europeo non é tan marabiloso como eles imaxinan. Alí atopei a Masut, un esforzado emprendedor, moi flexible e comprensivo, disposto a demostrarlle ao mundo que a igualdade entre as persoas depende das oportunidades. Arranxeille os papeis e veuse para aquí cunha carta de recomendación para o meu pai. Sabía que o comprendería porque el comezara de polizón na Arxentina e ademais agora necesitaba man de obra eficaz. Masut non tardou en escribir á súa familia, gabando a nosa civilización e contando os éxitos que tan rápido acadaba. Aquela nova correuse polas aldeas, convertiuse nun mar enloquecido que arrastrou nas on-

das da esperanza a toda a xuvantude da redonda, escollendo os atallos perigosos para reunirse con Masut. Pero a miña sorpresa foi que pasaban os días e as cartas nunca falaban dos que marchaban, non dícía se chegaban ben ou mal. Agora polo Nadal voltei á casa, felicitei ó meu pai por acoller en igualdade cos demais a Masut.

-A quen? -me dixo-. Nas miñas empresas non quero razas raras!

-As razas non existen, papá! -exclamei desesperada-. E a miña carta de recomendación.

Mirou para o caldeiro do lixo e marchou sen dícirme nada.

-Entón onde vivía Masut? -preguntei intrigada.

-Andiven buscando toda esta semana e non mo vas a crer. Atopeino hoxe deambulando pola estrada. Non quere volver para non matar a ilusión dos seus pais nin a esperanza dun pobo pero eu marcharei de novo para construir alá unha fábrica. Nese intre saiu Rosiña na compañía de Masut

-Susana, por favor, pidiu a nena- vinde pasa-la Noite Boa á nosa casa!

E así foi. Unha cea inolvidable. Na madrugada do vintecinco Masut despidiu á miña sogra cunha forte aperta e un bico. Cando ela pechou a porta reflexionou e...

-Para non ser cristiano nin branco non parece mal home, pero ¿que dirán os veciños...?

Eu voltei a pensar no Belén de Begonte onde segue acesa a luz da igualdade.

¡Que nunca xamais se apague!